

*Resolución do 13 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no **corpo de mestres, especialidades de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033).***

Por unha Resolución do 27 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidades de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033). de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional nas especialidades sinaladas e facelas públicas no portal de Internet desta consellería (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>).

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidades de Lingua Estranxeira: Inglés (597032) e Lingua Estranxeira: Francés (597033).

Segundo. Ordenar a publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base sexta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas



poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet. As alegacións así formuladas, unha vez presentadas no rexistro oficial correspondente, deberán adiantarse escaneadas (co selo de rexistro) tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.primaria@edu.xunta.gal](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.gal)

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

